


DOCUMENTO INFORMES DE CONTABILIDAD: CIRCULAR CIERRE DE GASTOS 2023	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>LWC4Y-QEJA7-T3I78</b> Fecha de emisión: <b>31 de Octubre de 2023 a las 8:27:04</b> Página 1 de 7	FIRMAS El documento ha sido firmado o aprobado por : 1.- Jefe/a Servicio Contabilidad de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Aprobado 26/10/2023 15:14 2.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Firmado 30/10/2023 18:50	ESTADO <b>FIRMADO</b> 30/10/2023 18:50



## CIRCULAR PECHE GASTOS ANO 2023

**ASUNTO:** Peche de exercicio contable 2023 e apertura 2024. **Gastos**

**DESTINATARIOS:** Dependencias e centros da Deputación

### 1.- INTRODUCCIÓN

Co fin de coordinar as actuacións dos responsables dos servizos, centros e dependencias desta Deputación provincial, en relación coa tramitación de expedientes de gasto, e próximo ao peche do exercicio orzamentario, elabóranse as presentes instrucións da Presidencia, por proposta dos Servizos de Secretaría, Intervención e Tesourería.

### 2.- CONSIDERACIÓNS XERAIS


**2.1.-** Segundo o disposto no art. 175 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectados do cumprimento de obrigacións xa recoñecidas (remanentes de crédito), quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no art. 182 do devandito real decreto.

**2.2.-** O disposto na consideración anterior implica que, a simple retención de crédito, ou a autorización e disposición deste (fases RC, A e D, respectivamente), non permitirá manter vivo o crédito o 31 de decembro, nin o seu trámite posterior na agrupación de exercicios cerrados do Exercicio 2024.

**2.3.-** Non poderán ser incorporados ao exercicio 2024:

- Os remanentes de crédito referidos a créditos declarados non dispoñibles en 2023
- Os remanentes de crédito xa incorporados ao exercicio 2023, coa excepción dos referentes a proxectos de gastos financiados con ingresos afectados cuxa execución pretenda continuarse.
- Os remanentes de crédito procedentes de operacións correntes (capítulos 1 ao 4 do orzamento, ambos incluídos), salvo:

DOCUMENTO INFORMES DE CONTABILIDAD: CIRCULAR CIERRE DE GASTOS 2023	IDENTIFICADORES
OTROS DATOS Código para validación: <b>LWC4Y-QEJA7-T3I78</b> Fecha de emisión: <b>31 de Octubre de 2023 a las 8:27:04</b> Página 2 de 7	FIRMAS El documento ha sido firmado o aprobado por : 1.- Jefe/a Servicio Contabilidad de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Aprobado 26/10/2023 15:14 2.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Firmado 30/10/2023 18:50  ESTADO <b>FIRMADO</b> 30/10/2023 18:50



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1722791.LWC4Y-QEJA7-T3I78.D938E6653C6D094DA5FC09A3844DA02199A653B) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

- c.1) que proveñan de créditos extraordinarios, suplementos de crédito ou transferencias de crédito que sexan concedidos ou autorizados, respectivamente, no último trimestre do exercicio.
- c.2) que se trate de compromisos de gasto debidamente adquiridos no exercicio 2023 (fase contable "D").

**2.4.-** En base ao anterior, cada unidade deberá prever coa suficiente antelación as datas de iniciación de propostas para que, no caso de que estas se queiran imputar a créditos do exercicio corrente, pódase completar o procedemento para a súa contabilización antes das datas límites que se sinalarán ao longo da presente circular.

Lémbrese que as aprobacións de pregos imputables ao capítulo 2 orzamentario, cuxa adjudicación non poida ter reflexo contable antes do peche, non poderán ser incorporadas ao exercicio 2024, salvo que se realicen sobre créditos extraordinarios, suplementos ou transferencias do último trimestre.

Do exposto anteriormente dedúcense as distintas implicacións que ten a situación contable dos créditos a 31-12, o que deberá terse en conta á hora de dar prioridades a expedientes de gasto (operacións correntes antes que operacións de capital).

**2.5.-** En todo caso, as unidades xestoras, poderán continuar a tramitación de todo o expediente de gasto que teñan á súa disposición, con independencia de que se axusten ou non aos prazos establecidos ao longo da presente circular, e que, en caso de incumprimento destes non poidan ser obxecto de contabilización no presente exercicio.

A mesma consideración terán as facturas e certificacións de obra recibidas ata o remate do exercicio no que se refire á súa inclusión no Rexistro de Facturas, conformación e envío a fiscalización.


### 3.- ESTABLECEMENTO DE PRAZOS PARA O PECHE

#### 3.1.- Gastos en xeral

##### 3.1.1.- Para a correcta execución das operacións, sinálanse os seguintes prazos:

- ▶ Data límite de entrada no Servizo de Fiscalización de propostas de gasto e/ou pago, o día 13 de decembro.
- ▶ Data límite de entrada no Servizo de Contabilidade, de expedientes resolutorios que impliquen a contabilización de fases de gasto "A", "D", "O" ou "P", o día 22 de decembro.
- ▶ En todo caso, con motivo do peche do módulo de xestión patrimonial, os expedientes de gasto sen código de proxecto asociado que impliquen o recoñecemento de obrigacións imputables ao capítulo 6 e 8, deberán enviarse a contabilidade coa antelación suficiente para poder contabilizar antes do 22 de decembro. A partir desa data non se efectuará ningunha operación dese tipo.

DOCUMENTO INFORMES DE CONTABILIDAD: CIRCULAR CIERRE DE GASTOS 2023	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>LWC4Y-QEJA7-T3I78</b> Fecha de emisión: <b>31 de Octubre de 2023 a las 8:27:04</b> Página 3 de 7	FIRMAS El documento ha sido firmado o aprobado por : 1.- Jefe/a Servicio Contabilidad de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Aprobado 26/10/2023 15:14 2.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Firmado 30/10/2023 18:50	ESTADO <b>FIRMADO</b> 30/10/2023 18:50



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1722791.LWC4Y-QEJA7-T3I78.D938E6E653C6D094DA5FC09A3844DA02199A653B) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

**3.1.2.-** Establécese o día 28 de decembro como último hábil para que o Servizo de Contabilidade expida ordes de pago que supoñan saída material de fondos da Tesourería.

**3.1.3.-** As ordes de pago expedidas pendentes de materializar ao peche do exercicio, pertencentes a calquera área e agrupación contable, quedarán baixo a custodia da Tesourería provincial para a súa realización material no exercicio vindeiro.

**3.1.4.-** O 30 de decembro a totalidade de documentos relativos a reintegros de pagos do exercicio corrente deberán estar materializados pola Tesourería ou, de ser o caso, anulados.

### **3.2.- Nóminas**

Establécese como data límite para a confección das ordes de pago relativas aos haberes do persoal funcionario, laboral fixo, temporal, deputados e pensionistas, relativos ao mes de decembro o día 20 deste mes.

### **3.3.- Operacións non orzamentarias**

**3.3.1.-** A totalidade de pagos, que implique saída de fondos ao exterior, que se realicen con cargo a conceptos non orzamentarios (devolución de fianzas provisionais ou definitivas en metálico, devolución doutros depósitos, pagos a outros acredores non orzamentarios, etc.), terán como data tope de expedición o día 28 de decembro.

**3.3.2.-** Os pagos en formalización que se realicen desta área contable deberán de expedirse co tempo suficiente para poder ser asentados pola Tesourería antes do 29 de decembro.

**3.3.3.-** A expedición de documentos contables relativos a cancelación de depósitos constituídos en aval poderase levar a cabo ata o 29 de decembro.

### **3.4.- Certificacións de obra**


Para os efectos establecidos no art. 198.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as certificacións de obra correspondentes ao mes de novembro, cuxa contabilización se vaia realizar neste exercicio, expediranos as direccións técnicas de obras coa antelación suficiente para que teñan entrada no Rexistro Xeral desta Deputación antes do 13 de decembro .

Os Servizos técnicos correspondentes deberán tramitar a factura asociada á certificación, no aplicativo informático Firmadoc antes do 20 de decembro.

## **4.- FACTURAS EN XERAL**

A tramitación das facturas recibidas na Deputación no período de peche contable rexerese, ademais de polas consideracións e prazos xerais establecido nos apartados 1 e 2 da presente circular, polas seguintes normas:

DOCUMENTO INFORMES DE CONTABILIDAD: CIRCULAR CIERRE DE GASTOS 2023	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>LWC4Y-QEJA7-T3I78</b> Fecha de emisión: <b>31 de Octubre de 2023 a las 8:27:04</b> Página 4 de 7	FIRMAS El documento ha sido firmado o aprobado por : 1.- Jefe/a Servicio Contabilidad de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Aprobado 26/10/2023 15:14 2.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Firmado 30/10/2023 18:50	ESTADO <b>FIRMADO</b> 30/10/2023 18:50



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1722791.LWC4Y-QEJA7-T3I78.D039E6E653C6D094DA5FC09A3844DA02199A653B) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

**4.1.-** Os usuarios e/ou asinantes do proceso de tramitación de facturas a través de Firmadoc deberán levar a cabo, en casos de ausencias previsibles, as delegacións de sinaturas e/ou traspasos de tarefas, que eviten a paralización do procedemento.

**4.2.-** As distintas unidades xestoras deberán trasladarlles aos contratistas e provedores que leven a cabo os labores de facturación, a necesidade de que a facturación se desenvolva en prazos compatibles coas datas de tramitación, que analicen a posibilidade de publicar anuncios en prensa orientativos (en facturacións periódicas, prestación de servizos singulares, certificacións de obra-factura...). En ningún caso isto suporá que a empresa facture por adiantado.

Para os efectos anteriores terase en conta o previsto nos pregos de prescricións administrativas aplicados pola Deputación que indican textualmente:

"Co obxecto de xestionar adecuadamente a tramitación e pago das facturas derivadas da presente contratación, o adxudicatario deberá presentalas para o seu pago, nos rexistros correspondentes, en función da data en que se executou realmente a prestación obxecto do contrato, tal e como se indica:

1. Executada do 1 ao 31 (facturación que corresponda co mes natural): presentaranse entre os días 1 e 16 do mes seguinte.
2. Executada ata o día 15 do mes en curso: presentaranse con data límite o 16 do mes en curso, ou entre o 1 e 16 do mes seguinte.
3. Executada do 16 ao 31 do mes en curso: presentaranse do 1 ao 16 do mes seguinte.


Advírtese expresamente que todas as facturas que se presenten a partir do 16 de decembro, incluído, serán devoltas ao emisor para a súa expedición no exercicio seguinte."

**4.3.-** Naquelas facturas que se vaian endosar ou que vaian ser obxecto doutra forma de transmisión dos dereitos de cobranza, deberanse de ter en conta os prazos necesarios para levar a cabo as tomas de razón correspondentes, e á súa vez cumprir o establecido para a tramitación de facturas na presente circular.

**4.4.-** As facturas que o 31/12/2023 figuren no rexistro de facturas en situación CO "Confirmada" e pendentes de recoñecemento da obriga, deberán de recollese en operacións OPA (operacións pendentes de aplicar a orzamento. Conta 413 do PGCP). Para levar a cabo este proceso, a Unidade de Fiscalización deberá enviar, o 02/01/2024, ao Servizo de Contabilidade, listaxe das devanditas facturas coa indicación da partida orzamentaria que sería de aplicación, de ser o caso.

**4.5.-** Os servizos tramitadores de facturas deberán planificar a dispoñibilidade do persoal necesario nos últimos meses do ano, e en especial durante a segunda quincena de decembro, para garantir o cumprimento dos prazos establecidos.

DOCUMENTO INFORMES DE CONTABILIDAD: CIRCULAR CIERRE DE GASTOS 2023	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>LWC4Y-QEJA7-T3I78</b> Fecha de emisión: 31 de Octubre de 2023 a las 8:27:04 Página 5 de 7	FIRMAS El documento ha sido firmado o aprobado por : 1.- Jefe/a Servicio Contabilidad de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Aprobado 26/10/2023 15:14 2.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Firmado 30/10/2023 18:50	ESTADO <b>FIRMADO</b> 30/10/2023 18:50



## 5.- GASTOS ANTICIPADOS E GASTOS PLURIANUAIS

5.1.- Os expedientes que se tramiten como "gastos anticipados" do exercicio 2024, non darán lugar á expedición de documentos contables con imputación ao exercicio 2023, pero deberán reflectirse no exercicio 2024 como primeiras operacións contables do ano.

5.2.- Do mesmo xeito que no caso de gastos anticipados, dentro das primeiras operacións contables do ano 2024 deberanse incluír as relativas á anualidade 2024 de gastos plurianuais aprobados en 2023 e anteriores.

## 6.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA E PAGOS QUE SE HAN XUSTIFICAR

### 6.1.- Anticipos de caixa fixa

6.1.1.- As contas de anticipos de caixa fixa correspondentes ao mes do novembro, ou meses anteriores, elaboraranse como data límite o día 24 de novembro, coa obrigación xeral de non efectuar pagos a acredores, nin ningún movemento interno de tesourería que afecten á conta bancaria ata o primeiro día hábil do mes de decembro.

Esta conta debe ter entrada no Servizo de Fiscalización como data límite o día 12 de decembro, con obxecto de que a unidade xestora a fiscalice e aprobe a través de resolución da presidencia para a súa entrada no Servizo de Contabilidade dentro do prazo xeral establecido no punto 3.1.1.- desta circular, ou sexa, ata o día 22 de decembro.


6.1.2.- Poderanse efectuar pagos aos acredores finais a partir do 1 de decembro que se integrarán na última conta xustificativa que se elaborará obrigatoriamente como data límite o 22 de decembro, data a partir da cal non se poderá efectuar ningún pago, coa finalidade de que Contabilidade realice os traspasos dos anticipos e xustificantes ao Orzamento de 2024.

6.1.3.- Como excepción ao procedemento habitual, a conta correspondente ao mes de decembro será remitida polos habilitados á Tesourería provincial, coa finalidade de que se leven a cabo as seguintes actuacións:

- Solicitar do Servizo de Fiscalización a contabilización, na agrupación de corrente de 2024, das retencións de crédito contra as que se imputarán os distintos gastos das contas de decembro, e,
- Realizar, a través dun único usuario autorizado polo tesoureiro, as adaptacións necesarias nos xustificantes contidos nas contas xustificativas indicadas no punto 6.1.2. co fin de asociar os novos documentos contables de retención de crédito correspondentes á agrupación de exercicio corrente de 2024.

6.1.4.- As contas xustificativas de decembro de 2023 non se remitirán ao Servizo de Fiscalización para a súa tramitación ata que non se lle dea cumprimento ao establecido no punto 6.1.3.

DOCUMENTO INFORMES DE CONTABILIDAD: CIRCULAR CIERRE DE GASTOS 2023	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>LWC4Y-QEJA7-T3178</b> Fecha de emisión: <b>31 de Octubre de 2023 a las 8:27:04</b> Página 6 de 7	FIRMAS El documento ha sido firmado o aprobado por : 1.- Jefe/a Servicio Contabilidad de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Aprobado 26/10/2023 15:14 2.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Firmado 30/10/2023 18:50	ESTADO <b>FIRMADO</b> 30/10/2023 18:50



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 1722791.LWC4Y-QEJA7-T3178.D039E6E653C6D094DA5FC09A3844DA02199A653B) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

**6.1.5.-** En relación coas facturas xestionadas polos responsables do ACF que se reciben e tramitan electronicamente, estarase ao dispor no apartado 4.2 desta circular.

**6.2.- Pagos que se van xustificar**

Todos os pagos expedidos que se van xustificar terán que estar xustificadas o 29 de decembro e a súa información atoparase conciliada e actualizada na devandita data. De modo que o límite da súa expedición será o día 9 de decembro.

**7.- PROXECTOS DE GASTO CON FINANCIAMENTO AFECTADO**

**7.1.-** As Unidades xestoras de proxectos que teñen ingresos finalistas vinculados á súa execución, deberán procurar axilizar a xestión dos devanditos gastos e a súa xustificación, co fin de obter a conformidade da entidade subvencionadora e, se é posible, que o recoñecemento do dereito a favor da Deputación e o ingreso correspondente se poida efectuar no exercicio 2023, co fin de evitar desviacións de financiamento negativas que incidan nas magnitudes de fin de exercicio, na evolución da estabilidade orzamentaria e, en definitiva, na situación económico-financiera da Deputación.

**7.2.-** A totalidade dos créditos asignados aos proxectos de gasto con financiamento afectado codificados como “tipo 3” deberán de quedar, a 31 de decembro en fase de retención de crédito. Con ese fin, autorízase o Servizo de Contabilidade para que o día 29 de decembro expida todos os retidos que procedan deste tipo de proxectos, incluíndo na explicación o texto “retención por peche de exercicio”.


Unha vez incorporados os remanentes ao exercicio 2024, estes iranse anulando segundo se necesiten os créditos para actuacións concretas.

**8.- SUBVENCIONES NOMINATIVAS OUTORGADAS POLA DEPUTACIÓN A TRAVÉS DE CONVENIOS**

**8.1.-** Tendo en conta que a maior parte dos convenios subscritos con entes públicos e privados para a concesión de subvencións nominativas teñen o seu vencemento nos tres últimos meses do exercicio, lémbrales ás unidades xestoras o contido da cláusula VII.3 do modelo tipo de convenio, para que levan a cabo as actuacións previstas nela, perante as entidades beneficiarias.

**8.2.-** Tamén deberán levar a cabo as actuacións de comprobación e requirimento oportunas, respecto das subvencións pre-pagables cuxo prazo de xustificación finalizara.

DOCUMENTO INFORMES DE CONTABILIDAD: CIRCULAR CIERRE DE GASTOS 2023	IDENTIFICADORES	
OTROS DATOS Código para validación: <b>LWC4Y-QEJA7-T3I78</b> Fecha de emisión: <b>31 de Octubre de 2023 a las 8:27:04</b> Página 7 de 7	FIRMAS El documento ha sido firmado o aprobado por : 1.- Jefe/a Servicio Contabilidad de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Aprobado 26/10/2023 15:14 2.- Presidente de DEPUTACIÓN DA CORUÑA. Firmado 30/10/2023 18:50	ESTADO <b>FIRMADO</b> 30/10/2023 18:50



## 9.- CONSIDERACIÓNS FINAIS

9.1.- A totalidade de prazos incluídos na presente circular teñen por obxecto establecer a orde de actuación que se vai levar a cabo por todos os implicados no proceso, e o seu cumprimento garantirá que os expedientes de gasto cheguen ao termo desexado pola unidade xestora.

9.2.- Da correcta interpretación, e do estricto cumprimento destas instrucións por parte de todas as dependencias e persoas implicadas no proceso, dependerá a eficacia do peche do exercicio 2023 e a apertura do correspondente ao 2024.